

**Nº 10**


**Sábado, 26 de marzo de 2011.** Revista oral de periodicidade trimestral, editada polo Museo Provincial do Mar (Rede Museística da Deputación de Lugo). Hora: 19 horas. Lugar: Museo Provincial do Mar, San Cibrao, Cervo (Lugo). Duración aprox.: 1:30 h. Deseño gráfico e animación dixital: tatata. Coordina: Antonio Reigosa.

**SUMARIO****Portada musical**

Tema: Nanas de la Cebolla (Poema de Miguel Hernández). Música e interpretación: Carlos Díaz (3')

**Presentación**

Presentación do proxecto *Queres que cho conte?*, por Paloma Lugilde e Antonio Reigosa (10')



Patrocina: Área de Cultura, vicepresidencia primeira da Deputación de Lugo. Interveñen nesta representación: Paula Buján, Sabela M. Eiriz, Bruno Martínez, Carlos Díaz e Paloma Lugilde (50')

**Opinión**

Intervención do público (3')

**Epílogo**

por Encarna Lago, xerente da Rede Museística da Deputación de Lugo (3')

**Contraportada**

Cantamos xuntos, público e actores. Tema: ....??

**Queres que cho conte?**

Coordinación do Proxecto *Queres que cho conte?*: Palimoco Teatro. Dramaturxia e dirección: Paloma Lugilde. Ilustracións: Sabela M. Eiriz, Mar Eiriz. Música: Carlos Díaz. Voces: Bruno Martínez, Paula Buján, Sabela Eiriz, Carlos Díaz, Paloma Lugilde, Alicia García, Arturo Centeno, Hugo Centeno. Voz convidada: Avelino González. Guitarra: Carlos Díaz. Pandeireta: Arturo Vaquero. Piano: Francisco Martínez. Gaita e zanfona: Suso Vaamonde. Gravación: Estudos Abrigueiro.

## Queres que cho conte?

Os contos, díxoo un narrador oral quéchua, cónтанse para durmir o medo. Contar un conto equivale a un aloumiño ou a un bico nas meixelas inocentes dun neno ou dunha nena. Mientras se conta un conto párase o tempo, viáxase a outra dimensión, recreánse emocións e sucede o milagre da comunicación entre quen conta e os que escutan. O proxecto **Queres que cho conte?** que promove a Área de Cultura, Vicepresidencia primeira da Deputación de Lugo, procura achegar algúns dos moitos contos rescatados da nosa gran tradición de narradores e narradoras orais e pousalos, con agarimo, no oído apetente daquelas e daqueles que desexan parar o mundo para volver a vista, e todos os sentidos, e reparar nas cousas bonitas da nosa tradición. E unha das cousas, deses feitos bonitos que merece moito a pena é este de recuperar a narración oral como soporte de transmisión de cultura, pois canda o texto, canda o conto, na mesma equipaxe e ao mesmo prezo, viaxan en harmonía a lingua, a cultura propia, a fantasía, a imaxinación, a ilusión, o futuro, a esperanza... Da execución do proxecto encargouse o equipo de *Palimoco Teatro* coordinado por Paloma Lugilde: selección dos contos, elaboración do guión dramático, a composición das músicas axeitadas, e ducias de ensaios para rematar coa gravación no estudio *Abrigueiro* de Arturo Vaquero e a posterior edición do audio e do texto impreso. Un proceso longo e complexo para recrear estes textos herdados da tradición valéndose dos recursos das novas tecnoloxías e das propostas da dramaturxia actual. Actrices e actores, músicos, debuxantes e técnicos que prestaron as súas valiosas capacidades creativas, con entusiasmo e ilusión, para que aquellas voces vellas dos nosos devanceiros, case inaudibles por esquecidas, reverdezan con alento neste século XXI. As recreacións dos nove contos seleccionados para o proxecto **Queres que cho conte?** tiveron en conta preferentemente versións recompiladas na provincia de Lugo, versións que non son nin mellores nin peores ca outras que se tivesen recompilado noutros lugares de Galicia ou do mundo pero teñen a marca, o sinal propio da lingua e da cultura das diferentes xeografías luguesas, son a herdanza de quen sabe cantas xeracións de sucesivos narradores e narradoras asentados, quen sabe desde cando, se cadra desde ese infinito que chamamos sempre, en lugares, aldeas e vilas lucenses, e ademais foron recollidos para traballo escolares ou de investigación nas contornas onde alguén, mestre ou mestra, alumno, alumna ou curioso, quixo responder á pregunta de onde veñen os contos. Os protagonistas da maioría destes contos son animais (raposos ou raposas, ratos, caracois, cans, burros, galos, gatos, ovellas, lobos, piollos, pulgas) pero tamén andan enleados neles persoas de carne e óso, algún anano ou xigante, e outros

Personaxes, elementos, situacións, estruturas narrativas e recursos propios das fábulas e dos contos encadeados que tradicionalmente se usaban para ilustrar ao neno ou nena, aprendices da vida, nas estratexias más efectivas para sobrevivir, para exercitar a memoria ou para diferenciar vicios e virtudes. Aquí están o lobo torpe e grande que sempre é vencido polo raposo raposeiro. O mesmo pasa cando un anano tropeza cun xigante ou cando un animal, vítima probable do home, tira de maña e astucia para darlle unha lección ao suposto ser superior. Todos os contos tiñan nas sociedades tradicionais carácter didáctico, ás veces tamén fins moralizantes, pero hai un valor engadido implícito que non deberemos esquecer en tempos de barbarie; animais e persoas mesturados, interdependentes, constitúen elos necesarios da cadea de equilibrio que fai que a natureza permaneza.

## Palimoco Teatro

Palimoco Teatro crease como asociación cultural e xuvenil no ano 1998, pero é en 2008, despois dun percorrido de dez anos cando os seus membros deciden dar un paso importante cara a profesionalización. No 2008 estrean *O rato da Biblioteca* (dos copori aos suevos) no seu proxecto antropolóxico (*Mil Pasos*) que pretende achegar a historia da cidade de Lugo a través do teatro. O 8 de marzo do 2009 estrean o que é o seu espectáculo infantil *Construccións Clementina Dígame?*, trata o tema da morte tan importante para en tódalas idades. Palimoco ten unha ampla experiencia pedagógica con nenos e nenas de tódalas idades a través sobretodo do convenio co Colexio Fingoi (o teatro está dentro do currículum educativo) e a Escola Arte e Lecer Fingoi. Tamén no campamento de teatro dirixido a dolescentes de 15 a 19 anos dentro do Verán da Xunta de Galicia. Ademais son impulsores das Xornadas Artes Escénicas Fingoi, a Mostra Teatro Cidade de Lugo ou o Teateatre.

O proxecto **Queres que cho conte?** supón para Palimoco a entrada no mundo marabilloso da tradición oral e a recuperación desta utilizando novos soportes. Esta experiencia na que a documentación aportada por Antonio Reigosa e baixo a súa supervisión faise imprescindible, parte de facer un fío conductor que reune os contos, dotándoos dun ritmo encadeado que nos permitira achegarnos máis ao espectador. A posta en escea é simple, 5 actores que a través dunha lectura dramatizada, musicada e apoiado en imaxes abre a porta ao imaxinario. Como material didáctico na escola ten múltiples posibilidades tanto de posta en escea, como lecturas, contacontos, expresión gráficas, audiovisual...